

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E
URXENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
8 DE MAIO DE 2015.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

CULTURA, FESTAS E MUSEOS

- 2.- Expediente de contratación, por procedemento negociado con publicidade, do Servizo de Xestión de traballos técnicos derivados da Programación de actividades no Auditorio Municipal da Casa do Concello. Expte. 6016/335.

DEPORTES

- 3.- Proxecto de convenio para a concesión de subvención á Agrupación Deportiva Xogara pla dinamización dun programa de actividades físicas para persoas maiores a través do Cachiboll – ano 2015. Expte. 13983/333.

PARQUES E XARDÍNS

- 4.- Dar conta da resolución 388/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais e adopción dos acordos necesarios para a súa execución. Expte. 76614/446.
- 5.- Proposta de aprobación do Plan de actuacións urxentes ou de emerxencia ofertado pola Empresa Ferrovia S.A. para a prestación do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbano. Expte. 8033/446.

RECURSOS HUMANOS

- 6.- Nomeamento interino dun enxeñeiro de camiños, canais e portos, para a execución do programa temporal “Seguemento do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestructuras viarias do Concello de Vigo” cunha duración máxima de 3 anos. Expte. 26601/220.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día 8 de maio de 2015, **as 14,30 h.**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 8 de maio de 2015.

me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

D^a. M^a Jesús Lago Rey.